| <ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos. - Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación. A organización do territorio en Galicia. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Compromisos e normas para a vida en sociedade. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 8 | A HISTORIA | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión. | Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade antiga. | PE | 50 |
| CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero. | Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade antiga, incorporando a identidade de xénero. | | |
| CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo. | Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo. | TI | 50 |
| CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta. | Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa. | | |
| CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia. | Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas. | | |
| CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora. | Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais) como vía para a análise dos cambios e permanencias na localidade ao longo da historia. - O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. - As expresións artísticas e culturais prehistóricas e da antigüidade e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. - Iniciación na investigación e nos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente. |

Contidos

- A acción de mulleres e homes como suxeitos na historia. Descubrimentos e inventos importantes ao longo da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

.A introdución das competencias no currículo ten por obxectivo que os nosos alumnos e alumnas sexan quen de poner en práctica, en diferentes contextos e situacións, tanto os coñecementos adquiridos como as habilidades e actitudes desenvolvidas durante a etapa educativa de primaria. Deste modo, buscarase conectar contidos das distintas materias curriculares en proxectos globalizados que permitan ademais abordar os diferentes elementos transversais do currículo

Con este fin, a metodoloxía empregada tratará de:

- Posibilitar a funcionalidade das aprendizaxes en diferentes contextos e que poidan enfrontarse a situacións novas.
 - Procurar que o alumnado aprenda a aprender, fomentando a autonomía e a responsabilidade.
 - Favorecer a resolución de conflitos de maneira pacífica, así como a convivencia e cooperación para obter un resultado común.
 - Fomentar habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación da información.
 - Fomentar o intercambio de ideas e o cuestionamento das propias.
 - Promover un uso eficiente das novas tecnoloxías para investigar e procurar informacións relevantes, así como para crear, deseñar e facilitar a transmisión de ideas ou propostas creativas empregando diferentes ferramentas dixitais.
- A continuación establécense as seguintes orientacións metodolóxicas:
- Partirase do nivel psicoevolutivo do alumnado e do seu nivel de coñecemento, a través de avaliacións iniciais de curso e dunha primeira aproximación aos contidos en cada unidade didáctica.
 - Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización tanto do pensamento lóxico como do pensamento lateral.
 - Realizaranse prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo; e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Lapis ao centro, Folio xiratorio, Xogo de palabras, Mapa conceptual a catro bandas, Estrutura 1-2-4, Saco de dúbidas, Crebacabezas,). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.
 - A metodoloxía será activa e participativa, con tarefas integradas onde se cree un clima de afecto e seguridade que lle permita ao alumnado progresar no seu desenvolvemento socioafectivo, favorecendo a súa autoestima e motivación, cun ambiente de comunicación bidireccional e de confianza.
 - As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas ou mapas conceptuais para favorecer a comprensión dos discentes.
 - A organización do tempo será flexible para adecuarse aos diferentes ritmos e necesidades que poidan surxir.
 - Potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe fundamentada en competencias. Deste modo, realizaranse proxectos contextualizados, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, novas tecnoloxías, consumo...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.
 - Partirase dos centros de interese do alumnado e temas de actualidade co fin de promover a súa curiosidade e motivación de cara á investigación de temas relacionados cos contidos a traballar, a experimentación e a resolución de problemas facéndooos responsables das súas propias aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| RECURSOS HUMANOS (mestre titor, mestres de apoio como PT e AL, orientadora...) |
| RECURSOS MATERIAIS (libros de texto seleccionados, material funxible como cartolinas, folios, pinturas, plastilina outémperas, caderno e fichas adaptadas, o Recursos didácticos impresos (libros, libretas, dicionarios, fichas, murais, pósters,...). o Material lúdico-educativo: elementos manipulativos coma xogos, crebacabezas, lotos de conceptos (vocabulario, operacións, secuencias,...), construíbles, ábacos, pizarras individuais, etc. o Xogos: a aprendizaxe baseada no xogo. o Xogos de tarxetas, tangram, dominó lingüístico |
| RECURSOS TECNOLÓXICOS (ordenadores (PC e portátiles), Internet, Taboleiro Dixital, canón proxector e pantallas, sistemas multimedia, mecanismos interactivos, imaxe dixital, hardware adaptado,...) |
| RECURSOS DIXITAIS (ordenadores de aula, encerado dixital, kahoot, Kahoot, Genially,, Writer , Word, Powerpoint, Canva, Google Earth / Maps, Educaplay) |

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos para ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa e experiencia.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. O obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área.

Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
- Información das entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, responsabilidade...
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:
 - Lectura de textos que engloben os contidos principais da materia e posterior debate.
 - Choiva de ideas sobre os coñecementos previos que teñen acerca dun tema en concreto.
 - Actividades de comprensión e expresión oral e escrita sobre diferentes temáticas: características e propiedades da materia e dos materiais de uso común, plantexar hipóteses a preguntas científicas, propoñer solucións a diferentes problemas, etc.
 - Realización de choiva de ideas para coñecer os intereses do alumnado e o seu punto de partida respecto aos contidos.

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas para a posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|----------|-----------|----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 15 | 13 | 15 | 8 | 13 | 8 | 13 | 15 | 100 |
| Proba escrita | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 50 | 42 |
| Táboa de indicadores | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 50 | 58 |

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, comportamento, participación, catitude, ademais do traballo no caderno de clase, así como a súa limpeza e presentación.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

$$\text{NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD1} + \text{NOTA UD2}) / 2$$

$$\text{NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD3} + \text{NOTA UD4} + \text{NOTA UD5} + \text{NOTA UD6}) / 4$$

$$\text{NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN} = (\text{NOTA UD7} + \text{NOTA UD8}) / 2$$

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas ou traballos: 40%. Táboa de indicadores 60%.

UNIDADE 2: Probas escritas ou traballos: 40%. Táboa de indicadores 60%.

UNIDADE 3: Probas escritas ou traballos: 40%. Táboa de indicadores 60%.

UNIDADE 4: Probas escritas ou traballos: 40%. Táboa de indicadores 60%.

UNIDADE 5: Probas escritas ou traballos: 40%. Táboa de indicadores 60%.

UNIDADE 6: Probas escritas ou traballos: 40%. Táboa de indicadores 60%.

UNIDADE 7: Probas escritas ou traballos: 40%. Táboa de indicadores 60%

UNIDADE 8: Probas escritas ou traballos: 40%. Táboa de indicadores 60%.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

1,2,3.4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Compártese a consideración de que son as estruturas pedagóxicas, organizativas e de xestión as que deben adaptarse ás distintas características do alumnado, e non ao revés. Así, trátase de poñer ao alcance dos nenos enenas, e das súas familias, os recursos necesarios para abordar o proceso de ensino-aprendizaxe da mellor forma posible.

A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerese polo principio de normalización e inclusión, e asegurará a súa non discriminación no sistema educativo.

Prestarase especial atención a diversidade cunha atención individualizada tratando de previr e compensar dificultades de aprendizaxe. Ao comezo do curso realizarase unha avaliación inicial individualizada para detectar posibles necesidades de aprendizaxe e poder utilizar o antes posible as medidas adecuadas para que todo o alumnado desenvolva ao máximo as súas capacidades e potencialidades, dirixidas a garantir a adquisición das competencias necesarias para continuar o proceso educativo. As medidas de Reforzo Educativo adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como sexan detectadas as dificultades, e non serán de carácter permanente, podendo ser modificadas ou eliminadas no caso de superación das causas que as motivan. As medidas serán tanto de carácter organizativo como curricular. Recibindo dentro da aula apoio por parte da mestra especialista en pedagogía terapéutica ou outros titores con labores de apoio ao grupo ordinario. Respectaranse os ritmos de traballo, dando máis tempo na resolución de actividades ou unha adquisición de competencias a aqueles alumnos ou alumnas que o precisen. Favorecerase o traballo colaborativo e en equipo e a capacidade para aprender por un mesmo.

Realizaranse actividades de ampliación e reforzo sempre que se considere oportuno. Dedicarase un tempo diario á lectura para tratar de superar as dificultades na comprensión de enunciados e para mellorar a expresión de ideas, sentimentos. No centro contamos con recursos persoais como Orientadora, Mestra Especialista en PT e Mestra Especialista en AI, ás que poderemos recorrer en caso de necesidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | | | | | X | X |
| ET.5 - Creatividade | X | X | X | | | | X | X |
| ET.6 - Emprendemento | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Educación para o consumo responsable | | | X | X | | | X | |
| ET.10 - Desenvolvemento sustentable | X | X | X | X | | | X | |
| ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.12 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito. | | | | | X | X | | |
| ET.14 - Respeto pola diversidade afectivo-sexual | X | X | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de destrezas, valores e actitudes ao noso alumnado co fin de garantir un sentido integral da educación. Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Outros contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas específicas.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición |
|--------------------|--|
| Saídas culturais | Visita a museos, organizacións medioambientais, Parlamento de Galicia... |
| Saídas á contorna | Visita do Concello de Vilaboa, salinas... |
| Charlas formativas | amilias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións |
| Obradoiros | Relaxación e xestión de emocións, vida sustentable e reciclaxe, obradoiros de escritura... |
| Conmemoracións | Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Mulle |

Observacións:

O feito de realizar actividades fora do marco habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisa? |
| Conseguíuse motivar ao alumnado? |
| Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado? |
| Préstase atención aos elementos transversais plantexados? |
| Adáptanse as probas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe? |
| Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas? |
| Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades? |
| Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente? |
| Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE? |
| Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso? |
| Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro? |

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes, xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e, entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiví recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado. O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS trimestralmente, tras obter os resultados das avaliacións. Levaranse a cabo as modificacións da programación oportunas, para que realmente resulten un instrumento útil no proceso de ensino-aprendizaxe. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso. Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos: -Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas. -Seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados